

RESOLUCIÓN REITORAL DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO PARA 2016

De acordo co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e modificada pola Lei 4/2007; Lei 6/2013; nos Estatutos da Universidade da Coruña aprobados por Decreto 101/2004 do 13 de maio de modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro, así como na normativa orzamentaria autonómica e estatal; a non aprobación do orzamento anual da Universidade antes do día un de xaneiro do ano correspondente, suporá a prórroga automática do orzamento do ano anterior.

Tendo en conta, que non se tramitou o orzamento para o ano 2016 e que o Consello Social, na súa reunión do 16 de decembro de 2015, quedou informado de tal circunstancia; esta Reitoría,

RESOLVE:

1. Prórroga

Prorrógase o orzamento da Universidade da Coruña do exercicio de 2015 ata a aprobación do orzamento para o ano 2016.

2. Contía

A contía do orzamento prorrogado será de cento dezaseis millóns cento noventa e dous mil oitenta e seis euros con dous céntimos, distribuídos nos seguintes capítulos:

INGRESOS	116.192.086,02
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	14.872.900,00
Capítulo IV: Transferencia correntes	82.727.537,45
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	420.0000,00
Capítulo VII: Transferencias de capital	15.900.847,00
Capítulo VIII: Activos financeiros	2.270.800,97
Capítulo IX: Pasivos financeiros	0,00
GASTOS	116.192.086,02
Capítulo I: Gastos de persoal	85.391.720,67
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	14.974.574,50
Capítulo III: Gastos financeiros	58.500,00
Capítulo IV: Transferencia correntes	2.928.924,50
Capítulo V: Fondo de continxencia	250.000,00
Capítulo VI: Investimentos reais	11.838.366,35
Capítulo VII: Transferencias de capital	0,00
Capítulo VIII: Activos financeiros	50.000,00
Capítulo IX: Pasivos financeiros	700.000,00

3. Importe do crédito do orzamento prorrogado

O crédito inicial das partidas do orzamento prorrogado será igual ao crédito inicial que tiñan no orzamento de 2015.

4. Retencións/reserva de créditos

Con carácter xeral, a todas as partidas que figuran no orzamento inicial se lles aplicará unha retención de crédito do 60% que se formalizará no sistema informático UXXI-E mediante unha reserva de crédito, que debe ser realizada pola unidade administrativa encargada da xestión económica do centro de gasto correspondente, que permanecerá vixente ata a elaboración e aprobación do orzamento de 2016.

Exceptuaranse destas retencións:

- a) As partidas dos capítulos I “Gastos de persoal” e V “Fondo de continxencia”.
- b) Nas partidas que soportan compromisos de gasto con vixencia en 2016, deberase facer unha retención do 60% do crédito dispoñible restante despois de lle aplicar ao crédito inicial do exercicio de 2016 os compromisos adquiridos.
- c) Nas partidas con financiamento finalista (proxectos de investigación, convenios, etc) disporase do crédito correspondente á anualidade para 2016, segundo as consignacións de crédito que figuran no orzamento prorrogado.

5. Normas de execución

Como consecuencia da prórroga, seguen en vigor as normas de execución do orzamento para o 2015 e as complementarias ditadas neste exercicio, en todo o non modificado por esta resolución.

6. Incorporacións de crédito

As incorporacións de crédito ao exercicio de 2016 realizaranse conforme ás Instrucións de incorporación que figuran no orzamento de 2015 durante o mes de xaneiro de 2016.

7. Apertura do exercicio 2016 e contabilización de gastos


O exercicio económico de 2016 abrirase nos primeiros días de xaneiro de 2016 e desde ese momento poderanse facer as operacións contables necesarias.

8. Disposicións adicionais

Son de aplicación as disposicións adicionais contidas nas Bases de execución do orzamento de 2015.

A Coruña, 29 de decembro de 2015

O reitor



Xosé Luís Armesto Barbeito